



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



CONCELLO  
DE CHANTADA

galicia

## PROGRAMA DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR: FOMENTANDO A PARENTALIDADE POSITIVA

O exercicio positivo da parentalidade debe ser hoxe en día un valor, unha inversión de futuro e un recurso das sociedades, xa que ten un papel crucial no desenvolvemento integral das persoas, especialmente das mais vulnerables.

Tódalas familias, nalgún momento das súas vidas, poden experimentar situacións estresantes e necesitar apoio ante os múltiples retos que deben afrontar como resultado de transicións ou crises vitais, dificultades económicas, cambios nas condicións sociais, deterioro do rural e dos lazos coa comunidade, dificultades para afrontar o rol parental ...

Por iso o Concello de Chantada pon ao servizo das familias o **Programa de Educación e Apoio Familiar** dende o que se realizará unha labor de acompañamento socioeducativo, información e asesoramento coas familias, seguindo o enfoque da Parentalidade Positiva.

Isto implica o acompañamento ás familias por parte de persoal especializado (un/unha Educador/a Social) na súa toma de decisións e na produción das respostas ós problemas que se produzan na súa traxectoria vital. Persegue a promoción da autonomía, o desenvolvemento, a integración social e o benestar das familias. Pretende reforzar as competencias e habilidades traballadas coas familias promovendo as relacións interpersoais e as redes de apoio.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



CONCELLO  
DE CHANTADA

galicia

## OBXECTIVOS

- Ofrecer unha resposta próxima, integral e axustada ás necesidades e características das familias.
- Promover a adquisición de competencias e capacidades das familias para un axeitado desenvolvemento das súas funcións parenterais, educativas, de crianza e socialización, dende a perspectiva da Parentalidade Positiva.
- Reforzar, estimular e potenciar os recursos persoais das familias, as súas capacidades e potencialidades para a solución das dificultades nas que se poidan atopar nas diferentes etapas do ciclo familiar, facéndoas partícipes e protagonistas do cambio.
- Facilitar alternativas, recursos e itinerarios socioeducativos ás familias
- Facilitar o acceso a toda a información específica para as familias, así como aos recursos e servizos da sociedade (culturais, cívicos, educativos, deportivos, de lecer...).
- Previr, detectar e atender situacións e familias de elevada vulnerabilidade: infancia en alto risco social, dinámicas de violencia intrafamiliar e familias en situación de exclusión social.
- Promover o coñecemento e recoñecemento da diversidade familiar (estructural e cultural).



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



CONCELLO  
DE CHANTADA

galicia

## PERSOAS DESTINATARIAS

O PEF do Concello de Chantada vai dirixido a tódalas familias con menores a cargo que residan no municipio e que precisen apoio para favorecer o cumprimento das súas necesidades, o benestar e a plena participación na comunidade. Pero atenderase de forma prioritaria ás familias que se atopen naquelas situacións e fases do ciclo familiar de maior vulnerabilidade, risco ou crise.

## CONTACTO

Departamento de Servizos Sociais do Concello de Chantada. Travesía da Praza de Galicia, 1 – 2º andar (Edificio Multiusos).

Teléfono: 982 46 22 99 / 689 503 603

Enderezo electrónico: [educacionfamiliar@concellodechantada.org](mailto:educacionfamiliar@concellodechantada.org)

## HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público é de luns a venres de 8:30 a 14:30.